

Pregón 2000

Roberto Rodríguez Rodríguez

Miñas donas, meus señores, amigas e amigos:

Sean mis primeras palabras de bienvenida y acogida a todos los que venidos de otras tierras nos visitan en estas fechas.

Decirles que quien les habla, lo hará en gallego, no como signo distanciador o falta de cortesía, más bien de enriquecimiento y exposición a través de la palabra del sentir de las gentes que poblamos este hermoso rincón del noroeste peninsular.

Hacer la exaltación de una fiesta tan gallega como la que hoy me corresponde pregonar, incita a hablar, si uno fuera capaz, en castellano, catalán, euskera, francés, italiano, alemán o portugués.

De ese modo, llegaría al mayor número posible de potenciales visitantes.

Esta orientación correcta y asumible tiene mucha coherencia pero a mi modo de entender las cosas de la vida, cuando viajo, y no creo ser nada original, gusto de sumergirme en la vida diaria y las costumbres de las gentes de esos lugares nuevos para mí, y, por supuesto, en su idioma.

De modo recíproco, cuando alguien nos visita, gusta de acercarse a todo aquello que distingue nuestra tierra: paisaje, arquitectura, música o gastronomía, de la que no puede faltar el pulpo, empanada, callos, caldo o marisco. Pero ese cuadro estaría incompleto sin las personas, sin nosotros, en nuestro diario devenir, expresándonos en nuestra lengua materna, gallega.

Saben nuestros visitantes aquí presentes que Galicia es tierra acogedora por naturaleza; en nuestra alma llevamos la emigración muy marcada y, sin faltar a la cortesía, un día como hoy de exaltación de nuestro folclore en forma de romería, Xira de Santa Cruz. con un instrumento de rango universal, la gaita, y la figura insigne del gaiteiro, no puede ni debe estar ausente nuestra lengua materna.

Feita esta declaración de intencións, compre sulñar o desacougo que me invade por ocupar esta tribuna.

Sei que é unha honra pregoar a nosa Xira a Santa Cruz e agradezo á Directiva de Amigos da Gaita a distinción que me otorgan, mais saben os que ben me coñecen, e algúns hai neste fermoso Auditorio, que non

son amigo dos primeiros planos, aínda que non o pareza.

Iso é consecuencia de vivir nunha vila cativa, xa non tan cativa e como consecuencia ocorre o mesmo que nas obras teatrais de moitos personaxes nas que uns poucos actores teñen que desdobrase para levar adiante a representación.

Así é como poido explicar o por qué de ser membro da Coral Polifónica dende fai vintedous anos ou da Asociación Cultural Dámaso Alonso, sabendo por experiencia propia o esforzo que supón organizar as festas da Patrona, o Antroido ou mesmo entrenar o Ribadeo F.C. na categoría xuvenil.

Os ribadenses certamente te-mos defectos, algúns incluso de rango capital, pero non se nos pode negar o noso carácter emprendedor. Lástima que entre as nosas virtudes non abonde a constancia.

A miúdo gustamos de presumir da nosa vila, un defecto coma outro calquera. A veces, metade en broma, metade en serio, cando me preguntan pola miña profesión, contesto seriamente: Ribadense, sí, ribadense. Esta profesión non catalogada na Universidade nin na Formación Profesional, conséguese con anos de práctica, deixando aflorar esas inquietudes que os ribadenses levamos dentro.

Si me permiten unha confidencia, a miña profesión non é a de ribadense. Non. Soio son aprendiz dos primeiros cursos desa difícil carreira que non ten final.

Decía Descartes que "sentir non é outra cousa que pensar". O filósofo pasou anos intentando comprender o lugar exacto onde a alma entraba en contacto co corpo. Lástima non coñecer ese lugar crítico da nosa xeografía vital. Pois si a miña alma é fiel á obriga que me impuxeron os Amigos da Gaita, o corpo fai un requebro que me recorda os anos de estudante e sobre todo a época de exámenes; cómo sería que miña nai me interrogaba entre bromas e veras ó verme tan inquedo: ¿Tes examen de Matemáticas? Non necesitaba artellar palabra. Levaba escrita na cara a resposta.

Hoxe, como non podía ser doutro modo, teño esa sensación de examinado, sobre todo de Matemáticas, porque os ribadenses as veces somos crueles e inmisericordes con quen osa levantala cabeza un pouco máis da conta, sobre todo si é por presunción ou pedantería.

Prometo que o meu ego non me incita a falar dende a altura desta tribuna. Fago miñas as palabras de D. Ramón Otero Pedrayo cando comentaba das súas clases "páganme por facer o que me gusta e ademais asegúranme a presenza de público".

Esa mesma sensación me in-vade no Instituto Gamallo Fierros.

Dionisio Gamallo...Pasan os meses desde que nos deixou e a orfandade é cada vez máis gran-de. O meu corazón chora, sen rubor, como seguro choran os vosos corazóns. Ribadeo, os ribadenses, sentimola orfandade porque Dionisio era, é, e será sempre un ribadense bo e xeneroso. Nacido para interpretar toda a súa vida papéis estelares.

Era tal a súa valía e capacidade que o inundaba todo. Empregando un símil astronómico, Gamallo era o sol da cultura ribadense.

Figura poliédrica, tocado para conquistar grandes metas, nunca perdeu de vista no seu rumbo todo aquilo que significase engrandecer as súas amadas terras do Eo, e sobre elas seu Ribadeo e os seus paisanos. Un Ribadeo que criticaba con teimosía, non por falta de cariño, senón polo in-menso amor que lle profesou ata o último día da súa vida.

Tamén el honrou ó Gaitero galego na inauguración do monumento o 1 de agosto de 1965, dirixindo a publicación do periódico "LA ALBORADA DEL GAITEIRO", número primeiro e único, no que gaita e gaiteros están pre-sentes en poemas de Eladio Rodríguez, Moriega Varela, Amado Carballo, Xosé Conde e Díaz Jácome, entre outros.

A derradeira Xira na que recordo a Gamallo foi a do 97, acom-pañando á súa amiga da alma, Luz Pozo Garza, pregoeira ese ano, na ofrenda floral ás cinco da tarde diante do monumento ó Gaitero.

Conservo unhas fotos fermosas, xa históricas, feitas por min clandestinamente e que agradeceron cando viron o resultado e os regalei cunhas copias.

Pensando neles e na figura do noso Gaitero, do Gaitero univer-sal galego, acude á miña memoria Rilke cando escribía "o artista é a eternidade que penetra no tempo"

Dése artista, do gaitero, feito eternidade, souben moi cedo.

Retrocedendo ós primeiros recordos da infancia, aparece a gaita, seu tacto, seus sons, os gaiteros e a súa roupa de festa. Xa antes de ter capacidade memorística. A razón é sinxela. Meu pai era gaitero. Para min, fillo emocionado, o mellor gaitero do mundo. Por iso, falar da Xira e de Santa Cruz, en min pode semellar mesmo esaxerado, disculpen polo tanto a miña falta de obxectividade.

O mesmo sucede cando o tema de conversación versa acerca do noso Ribadeo. Certa-mente Ribadeo non é o centro do Universo, pero a nós parécenolo e ás veces damos unha imaxe á vista dos non ribadenses que in-terpretan penso, equivocadamente.

Mellor ilustrar a idea cun exemplo. Ocúrreseme o daquel neno criado

cos seus avós que en ausencia de súa nai, emigrada o Uruguay, a que solo coñecía por fotos, por ser moi cativo cando emigrara, falaba constantemente dela os seus amigos.

¡Miña nai e... Miña nai é a mellor nai do mundo. É moi rica, moi alta, ten uns ollos fermosos!

Pasados os anos, a nai atravesaba de volta o Atlántico e o fillo, encandilado, co corazón a piques de saírlle do peito, espera ó pe do barco cun amigo a baixada da súa nai. Un viaxeiro, outro, outro,...

Di seu amigo: "¡Esa é!" ¿Non dis que e moi fermosa? ¿Non! ¡Esa non é! Contesta.

¿Será aquela?. Tampouco. Ata que o fin descende pola escaleira unha muller vestida con roupa que delataba moito uso, pel enrugada, mirada triste e aire cansino, trocado en paso alegre ó ver a poucos metros a faz radiante do seu fillo, esperándoa cos brazos abertos. O rapaz mira ó seu amigo e di: ¡Ves. Esa é miña nai!. ¡A muller máis guapa do mundol.

Dende esa visión filial, entrañable, na que tódolos fillos vemos á nosa nai como a mellor nai de tódalas nais, así é como os ribadenses sentimos a nosa terra. 'O MELLOR LUGAR ENTRE TÓDOLOS LUGARES REAIS E IMAXINABLES'.

Querer a nosa terra, neste caso simbolizada na figura materna, non pode ser un defecto, senón manifestación de amor.

Gaita, gaitero, emigración. Outra constante na miña vida. Si, porque nacín preto da granxa Pedro Murias, froito das inquedanzas do ribadense indiano afortunado en Cuba.

A miña imaxinación infantil matínaba a cotío con América. O primeiro continente do que oín falar. E prendeu en min. Cuba, Uruguay, Argentina, Méjico, Estados Unidos, Canadá. Normal por outra banda pois acolá tiña e sigo tendo parenles e veciños da familia. Recordo como si fora hoxe, a fotografía recibida por meus avós maternos na que aparece Fidel Castro e os meus tíos, Antonio e Santiago, nun almacén habanero coa dedicatoria dos tres. Eran os primeiros meses tralo triunfo da Revolución, cando Fidel participaba das simpatías de case tódolos cubanos.

Despois souben da existencia de Europa, e de Australia, para min o fin do mundo, onde emigrou para traballar e casar a miña madriña.

Ven esto a conto do monumento ó Gaitero e a súa financiación.

Esa pedra traballada polo ourensán Faílde, débese ás aportacións dos ribadenses, Diputacións galegas, vilas, cidades e sociedades galegas e do resto de España, pero tamén abundan, tal e como escribín nun artigo

publicado en 1990 co título "HOMENAXE AO GAITEIRO GALEGO" no XXV aniversario da súa inauguración en Santa Cruz, aportacións procedentes de lugares tan distantes como Montevideo, Bos Aires, Nova York, California, Lisboa ou Alemania, entre outros.

As 87.000 pts, en que foi con-tratado o monumento, foron aportadas pola Galicia residente, simpatizantes, e con grande entusiasmo secundada polos galegos da diáspora. Non puiden constatar ningunha aportación, quizá por falta de pericia, dese galego que din hai na Lúa.

Moitas veces ó subir a carón do Gaiteiro, tento descifrar a onde albisca coa súa mirada pétrea. Cunqueiro diría a bote pronto que a Irlanda e a Bretaña.

Eu chego máis lonxe. O Gaiteiro son os ollos da nosa terra galega, rica en belos outeiros como San Roque en Viveiro, o Aloia en Tui, Santa Tegra na Garda ou Faro en Chantada. Pero Galicia e os seus fillos espallados polo mundo adiante, otorgaron seu consentimento e contribuíron a facer realidade a formidable idea dos Amigos da Gaita: "Honrar tódolos gaiteiros que toron, son e serán" na, en palabras do recordado D. Ramón Fernández Higuera, Moncho dos Enanos, como a él lle gustaba ser chamado, "Universidade da paisaxe constituída por Ribadeo, a súa Ría, as montañas, piñeirais e tamén Figueiras, Castropol, A Veiga, as costas e o mar... en fin, todo canto a vista abrangue e máis, moito máis!".

Nese "moito máis", estou certo, deberon pensar ó construír a Aula da Natureza e a súa bóveda, branca como a neve que no inverno nos regala a serra da Bobia, que albergará un telescopio co que o Gaiteiro e todos nós albiscaremos os máis recónditos rincóns da nosa galaxia, a Vía Láctea ou mellor, camino de Santiago.

Pregoar a Xira a Santa Cruz neste ano 2000, tan simbólico, bisagra entre o século XX que se nos vai e o XXI que nace cheo de ilusións, invita a voltar a mirada atrás, coma nun soño rápido, ó estilo do monxe da Cantiga CIII pertencente as Cantigas de Santa María de D. Alfonso o Sabio, que soñando no ceo, ficou durmido á beira dunha fonte, mentras ouvía cantar un paxariño. Cando este calou, voltou o frade ao seu mosteiro, pero todo estaba alí troncado e ninguén o coñecía xa. O paxariño estivera a cantar durante trescentos anos, pasados na brevidade dunha hora pola docísima beieira daquel rechouchiar celeste.

Non teman vostedes, non vamos ficar aquí outros trescentos anos, estou a piques de rematar, o tempo está controlado por activa e pasiva, así cos que me recomendaron un pregón non moi extenso entre eles o Sr. Alcalde onte, ben entrada a noite, nun encontro casual, poden respirar

tranquilos. Incluío tamén á miña dona que ten un sentido innato do equilibrio.

Si pechámolos ollos coma o monxe ¿Que podemos ver evocando a Xira, o Gaiteiro e Santa Cruz?

Eu véxome retratado, sendo neno, feliz, cos meus pais e meu irmán nunha foto co selo de Foto Pérez, comendo en Santa Cruz na Xira.

Vexo un neno de doce anos con ollos coma pratos o un de agosto de 1965, día da inauguración do monumento ao Gaiteiro Galego, e a Polifónica dos meus amores, cantando e dirixida maxistralmente por Carlos Álvarez Fernández-Cid, como hoxe o é pola nosa querida e admirada Carmen Rodríguez Cancelo.

Véxome actuando ca Tuna do Instituto Laboral, da que formei parte con Loli Andina, Teresa Martínez, Falo de Columbiano, García, Díaz, José Luis Expósito, ou os máis pequenos Juan Andina, Suso de Ventura ou Moncho do Críxo, entre outros.

¿Que curioso! O mesmo Instituto onde hoxe exerzo a docencia.

Vexo a Lilo no seu microbús, no que tantas veces temos viaxado; as cestas cheas de ricas viandas, incluso en épocas de penuria nas que un pito era o sumun gastronómico.

Vexo a familia, os amigos, noiva, hoxe miña dona, fillos. ¿Que máis se pode pedir!

A vida di Lobo Antunes, "escríbese sen goma de borrar".

¿Que máis da! Se poidera borrar, eu non borraría nada. Son enormemente agradecido, por herencia de meus pais, e consecuente.

Sostiña Jaspers que "soio a través da búsqueda dun mesmo pode o eu acadar o real, o ser".

Síntome afortunado de nacer e vivir nunha Vila Meiga, cunha Ría compartida, na que quen lles fala vive con paixón todo o que signifique ribadensismo, ó que de cando en vez trata de aplicar unha cura de humildade viaxando. Porque Ribadeo non é o ombligo do mundo. É un lugar do mundo.

En frío é doado racionalo, pero... en quente xa é outro cantar.

O viejo Pancho, Ibáñez, o pintor Fierros, Dionisio Gamallo, Dámaso Alonso, Luz Pozo, Daniel Cortezón, Barcia Trelles, Os Calvo Sotelo, Las Riberas del Eo, La Comarca, actualmente 'del Eo', Amigos da Gaita, a Filantrópica, Polifónica, Banda, Ribadeo F.C., Emma Cuervo, Escola de Náutica. Perdón por non citar máis, pois ¡son tantas as institucións e persoas a destacar que producen unha impronta na vida ribadense...!

Quen sube a Santa Cruz ten o privilexio de sentir o latexar da Galicia

máis profunda, a medieval do rei Alfonso X o Sabio, de Martín Códax, a dos séculos escuros, ca relevancia do pobo chan que perpetuou a súa lingua de modo oral, a Galicia de Pintos, Rosalía de Castro, Curros e Pondal, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos, de Cunqueiro. ¡Para que seguir!.

E dentro desa Galicia profunda, auténtica, a figura do Gaiteiro secular do que o salmantino Ventura Ruíz Aguilera, en 1860, en poesía adicada a Murguía referíndose a gaita escribe:

"Que no sé deciros si canta o si llora".

Anos máis tarde, en 1863, Rosalía no poema "A gaita gallega" adicado a Ruíz de Aguilera di:

"eu podo decirche non canta, que chora".

Según Lamas Carvajal tamén existe a Gaitoterapia, ou sexa o arte de curar con música de gaita.

Parece ser que un soldado galego a quen daban por morto, curou na Habana ó escoitala gaita.

Pintos no seu libro A Gaita escribe:

"¿Non che abonda de lembrarte que hasta milagros fixeron nos espitales do norte os tocares dos gaiteiros? ¿Que os atacados do gripe e máis do cólera negro, das camas brincaban sans ó oír aquel son do Ceo?"

Rosalía de Castro ve ao Gaiteiro así: "un repoludo Gaiteiro, de paño sedán vestido, como un príncipe cumprido cariñoso e falangueiro..."

Para Curros Enríquez o Gaiteiro é: "Xentil, apostado, arrogante, en cada nota o gaiteiro ceibaba un limpo diamante que logo no redobranche pulía o tamborileiro.

Hoxe é día de pregoar as ex-celencias da Xira que mañá celebraremos todos, cheos de ledicia.

Neste fermoso Auditorio no que teño a honra de ser o primeiro pregoeiro da Xira de Santa Cruz e do Día da Gaita galega no ano de gracia do 2000, vivámola festa facendo nosos os versos de Lamas Carvajal:

"Fillos da nobre, leal Galicia, non despreciedes esta delicia, facede a gaita máis popular; ben a muiñeira, ben a alborada, deixao sea sempre tocada na aldea e soto, no monte e val"

Permítanme rematar cuns versos da ribadense Luz Pozo Garza a través dos que sinto a Santa Cruz e á Xira como o lugar

"Onde moran os que aman. Os vieiros que me levan persisten na acordanza dunha historia única."

Feliz Xira. Moitas Gracias

Proxecto Educativo Europeo

"WWW.FESTPOP.EDU

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: A Madanela

1.2 Traducción: Festa de Santa María Madanela

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Cedofeita (Ribadeo)

3. Tempos

3.1 Data día/mes: 23 de xullo.

3.2 Duración: 1 día.

3.3 Horario: Das 12 do día 23 ás 5 do día 24.

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Render homenaxe á patroa do pobo.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): relixiosa

4.3 Ambiente: festivo, orientado a xente de tódalas idades.

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na igrexa: si, en particular coa misa "da patroa".

procesións: si, constitúe un punto clave para o conxunto de celebracións. Sácase a Sta. María Madanela e dáse unha volta arredor da igrexa.

participación directa dos presentes: non, se exceptuamos momentos concretos como o acompañamento da procesión ou a participación dentro da familia.

desfile en traxe típico: non, se ben sempre hai xente que se viste de xeito tradicional, o que constitúe un elemento típico.

carrozas: non.

fogos artificiais: si. O día esperta con bombas de palenque.

teatro de rúa: non.

xogos tradicionais: non

¿cales?:

música e baile: Unha orquestra ameniza a sesión vermú e despois pola noite a partir das dez comeza de novo a tocar alternándose con outra orquestra.

banda: non.

grupos espontáneos de músicos: non.

cantos: non dun xeito especial se apartamos os rituais ó misar.

bailes tradicionais: non.

bailes modernos: si. Os realizados coa interpretación das orquestras.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): toda a xente do lugar acude á festa.

venda de produtos artesanais locais: non.

alimentos tradicionais: non.

animais: non.

feira / mercado: non.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos,): non se coñece ningún tipo de documento anterior que se refira a esta festa.

5.2 Como se chega: A través de estradas secundarias, ben procedentes de Vegadeo ou de Ribadeo, lugares máis próximos de certa entidade. A Ribadeo chégase pola estrada N634, pola costa, ou dende o interior pola N640. Asemade, por ferrocarril na liña Ferrol-Xixón, e por barco (particular). Cedofeita, pertencente ó concello de Ribadeo, está situada na costa do mar Cantábrico, a 43°25'N, 7°10'W.

5.3 Pode requirirse información a: Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas do ano en que se trate.

Datos recollidos por: Alberto García López

Juan Antonio Peña Villapol

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

A festa de "Santa María Magdalena" é, en Cedofeita, toda unha tradición. A aldea adórnase cun manto máxico de expectación, esperando a que chegue o gran día.

Dende primeira hora da mañá, o ruído dos fogos artificiais embelece o ceo azul do verán galego.

A xente apura os seus traballos e engalánase coas súas mellores vestimentas para acudir á igrexa. As mulleres quedan nas casas preparando o xantar. Neste día é tradición convidar á familia a xantar e soe prepararse un gran banquete en cada casa do pobo. A misa adoita durar unha hora e, tras ela, o párroco, acompañando polos veciños e os portadores coa Virxe, rodean a igrexa men-

tres recitan oracións cantadas.

A igrexa está neste día máis fermosa que nunca; os parterres coas flores adornan cada rincón. Ó ser festivo en Cedofeita, a xente soe aproveitar este día para celebrar bautizos ou comunións.

Tras esta, os veciños trasládanse ó parque, centro particular da verbena. Ó mediodía organízase a "Sesión Vermú" e a orquestra comeza a tocar.

Pouco a pouco, camiño das dúas da tarde, a xente retírase ás casas para acudir ó xantar.

Así, o día sómese na tranquilidade dunha tarde calquera no pobo, ata a noite, na que a orquestra comeza a tocar de novo, e a xente achégase a festa para bailar unhas pezas ou parolar sobre o tempo, as colleitas, o gando, os fillos... e en suma, as últimas novidades da rexión.

A orquestra toca ata altas horas da noite.

Arredor das tres ou as catro da mañá despídese e, con ela, a festa por un ano máis.

É unha festa relixiosa, a cal se celebra dende o ano 1970 aproximadamente. A igrexa onde se celebra a liturxia dependía da parroquia de A Devesa, e ó independizarse pasou a ser igrexa parroquial. De igual xeito que a festa da capela pasou a ser a festa parroquial, celébranse outras festas con motivos rogativos noutras capelas da parroquia que complementan a esta, como a da Virxe do Viso.

Despois dos actos relixiosos, tódalas familias da vila reúnen e xantan xuntas. Pola noite hai festa ata que a orquestra remata e despois, despídese a festa co lanzamento de bombas de palenque ou, nalgún caso, con fogos de artificios.

Non existen libros adicados a esta festa en particular, e, ó abranguer un corto período de duración, tampouco soe aparecer anunciada en ningún semanario. A programación das festas repártese en folletos que se distribúen polos pobos próximos.

O pobo de Remourelle, sempre foi un pobo cunha gran tradición festeira; de aí que se cre que a festa da Madanela (patroa do pobo) leva máis de cen anos conmemorándose. Ó primeiro, a festa celebrábase o día 22 de xullo, pero ó longo dos anos, por motivos das labores do campo, tívose que trasladar ó segundo domingo de agosto. Hoxe en día non ten data fixa, variando cada ano.

O pobo nunca quedou sen festa, agás durante a guerra civil cando tóda-

las festas estaban prohibidas.

A duración dos festexos sempre foi dunha soa xornada, máis agora fanse dous ou tres días de xoldra.

A organización corre tódolos anos á cargo dos viciños que, ó primeiro, pedían trigo e millo ó resto do pobo para vendelo e recaudar fondos a fin de preparar a celebración. Agora os preparativos son máis doados, pero segue a ser un traballo duro e engoroso.

O día da festa era por tradición de celebración para todos porque, aínda que non había feira de gando ou mercado, xentes dos pobos dos arredores achegábanse a pasar un bo anaco. A festa comezaba ó mediodía cos ritos relixiosos que eran acompañados pola banda. Seguidamente, a agrupación musical amenizaba a procesión que percorría os arredores da igrexa e logo daba un concerto co cal se puña fin as actividades da mañán, non sen que antes as familias se reunisen nunha comida. A actividade pola tarde comezaba cun campionato de bolos que na actualidade, por desgracia, se trocou nun partido de fútbol sala no novo campo da festa. Logo do campionato de bolos, comezaba a verbena que se dividía en dúas partes, unha de cinco da tarde ás dez da noite e logo de doce a tres da madrugada. Ese paréntese no baile era aproveitado polos labregos para iren a realizar as súas labores do campo.

Hoxe en día a festa cambiou moito, celébrase nunha nova pista de asfalto, a actuación da banda trocouse pola das orquestras, xa non hai xogos populares, a verbena non se divide en dúas partes senón que comeza as dez da noite e prolóngase ata altas horas da madrugada, tan só deténdose a orquestra a facer uns pequenos descansos.

Unha festa relacionada coa da Madanela, con moita tradición e que goza dunha grande devoción no pobo é a festa de Fátima. celébrase tódolos 13 de maio (día da aparición da virxe en Fátima) dende o ano 1949, ano no que unha misión trouxo a Remourelle unha imaxe que repousa no altar maior da igrexa parroquial. Nesta festa tan só se fan actos relixiosos acompañados dunha procesión que discorre por todo o pobo cun coro que canta tamén a eucaristía. Participan varia imáxenes e o pendón da virxen de Fátima. Nos días anteriores, celébrase unha novena para honra-la virxe que é dirixida por párrocos das localidades viciñas.

Suso López



Fotos: dous momentos na procesión da Madanela

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU"

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal **San Lourenzo**

1.2 Traducción San Lorenzo

2. Lugar

2.1 País España

2.2 Rexión Galicia

2.3 Localidade Vilaframil (Ribadeo)

3. Tempos

3.1 Data d 9-11 m agosto (data fixa)

3.2 Duración tres días

3.3 Horario

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación a celebración do día de San Lourenzo

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá) relixiosa

4.3 Ambiente festivo en xeral, familiar.

4.4 Elementos esenciais

ritos relixiosos na igrexa. Non

procesións Si

participación directa dos presentes non

desfile en traxe típico si

carrozas non

fogós artificiais si

teatro de rúa non

xogos tradicionais non

¿cales?

música e baile banda. Si

grupos espontáneos de músicos si

cantos non

bailes tradicionais si

bailes modernos si

participación principal: non está diferenciada por estratos nin de idade, sexo ou posición social, participando nela todo o mundo.
venda de produtos artesanais locais non

alimentos tradicionais non

animais non

feira / mercado non

outro

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos,): Non se coñecen documentos particulares sobre esta festa recollidos con anterioridade.

5.2 Como se chega: Partindo de Ribadeo (43°30'N, 7°5'W), cóllese a estrada N634 cara a Coruña, e atópase ós dous quilómetros o lugar da festa..

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas da edición que corresponda.

Datos recollidos por: Nelly Bouso Gasalla

Paula Fernández Martínez

Demetrio Lodos Trevín

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

Historia: a parroquia de Vilaframil data de 1896, momento no que se independizou da Devesa, aproveitando a capela que había no lugar como igrexa parroquial.

Como unha sinopse da festa, podemos dar un percorrido temporal a través dos días nos que se celebra:

Día 9.

É o día anterior ó da celebración da festa de S. Lourenzo. Ese día pola tarde saen os gaiteros (en 1999, por exemplo, os de Monforte) a tocar por todo o pobo anunciando o comezo das festas. Máis tarde, pola noite, cara ás nove, comeza a sardiñada, á que está convidado todo o pobo. Outra vez alí, os gaiteros volven tocar para ameniza-la celebración onde todos pasan un bo momento.

Día 10.

Este é o principal día da festa. Pola mañá, ás dez máis ou menos, o grupo de gaiteros percorre de novo as rúas do lugar tocando, para que a xente se levante e lembre que estamos en festas.

Á unha comeza a misa na igrexa do pobo, adicada a S. Lourenzo, onde se fai unha procesión arredor e ata o campo da festa. Nela a xente participa sacando á procesión tódolos santos da igrexa, encabezados por S. Lourenzo. Logo entran de novo na igrexa para deixa-los santos e rema-

ta-la misa.

Entón é cando a xente se dirixe ó campo da festa para a sesión vermú, e no que a orquestra taca para ameniza-la sesión, e tamén para que a xente poida bailar. Logo, ás dúas máis ou menos, a xente volta para as súas respectivas casas ata a noite.

Cando xa son aproximadamente as nove pódense escoitar os ensaios da orquestra, e o pobo enteiro prepárase para voltar á festa e pasalo ben cos demais. Entón a orquestra volve tocar máis pezas e o campo case sempre está a rebosar de xente, a cal leva bo recordo deste día.

Día 11.


É o segundo día de festa, no que se volven a repetir máis ou menos as actividades do día anterior, a excepción dos gaiteros, que xa non saen polas rúas.

A diferenza en canto ó día dez é que ás once da noite celébrase a despedida das festas. No ano 1999, cunha gran traca de mil cores. Aínda que sexa de xeito oficial a fin de festa, a orquestra segue a tocar ata ben entrada a madrugada.

Coincidindo coas celebracións sae á rúa un libro, o libro da festa, no que se presenta tamén algún dato sobre Vilaframil.



Cartel do ano 1998



1. Igrexa de S. Lorenzo, onde se celebra a festa.



Imaxe de S. Lorenzo no interior da igrexa



Saída da imaxe de S. Lorenzo da igrexa no intre no que comeza a procesión

